

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: RES. ADXUDICACIÓN NICHOS MARÍA ESTRELLA LIÑARES LENS

EXPEDIENTE: 2022/G003/001078

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía do 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da Alcaldía de 5 de marzo de 2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación se efectuará coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía do 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do Concello de Teo.

Considerando que, con data de 16 de agosto de 2022, presentouse por D.^a M^a Estrella Liñares Lens unha solicitude de concesión dun nicho no cemiterio municipal (rex. entrada nº 4158).

Considerando que, de acordo coa documentación que obra no expediente, a necesidade de dispor de forma inmediata dun nicho no cemiterio municipal responde a que o falecemento do seu marido tivo lugar o día 15 de agosto de 2022, téndose previsto proceder a darlle sepultura no día de hoxe (rex. entrada nº 4159, de 16/08/2022).

Considerando que a persoa interesada aportou, xunto coa solicitude, a demais documentación esixida ao efecto, agás os certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias do Estado e da Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, non podendo esperar a persoa interesada á súa obtención, para que lle sexa adxudicado o nicho, polas circunstancias concorrentes, comprometéndose en todo caso a solicitalos e aportalos ao Concello á maior brevidade posible.

Considerando que a interesada, na documentación presentada, acreditou o aboamento de 1.320 €, que se corresponden co importe das tarifas de concesión dun nicho (1.250 €), co importe da licenza de apertura e inhumación (60 €) e co importe anual de vixilancia e conservación (10 €).

Considerando que obra no expediente a documentación acreditativa do ingreso da garantía definitiva por importe de 35,85 € (rex. entrada nº 4163).

Vista a proposta de asignación concreta de nichos e panteóns, do 16 de agosto de 2022, incorporada ao expediente.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar a concesión do uso privativo do nicho 26 A do bloque 2 a D.^a María Estrella Liñáres Lens, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da Alcaldía do 15 de marzo de 2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable.

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada, con sinalamento dos recursos procedentes, lembrándolle a obriga de aportar, á maior brevidade posible, os certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias do Estado e da Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,

A secretaria xeral, que dou fe

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz